




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**IES ARCEBISPO XELMIREZ II**  
Irmandiños 15, 15704 Santiago de Compostela  
881867055 - 881867062  
ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/iesarcebispoxelmirez2/>



# **Programación didáctica**

**Departamento de matemáticas**

**Curso 2021-22**



## Índice

1. Introducción e contextualización.....	5
1.1. Introducción.....	5
1.2 Contextualización.....	7
2. Contribución das matemáticas ao logro das competencias clave.....	9
2.1. Competencia en comunicación lingüística.....	9
2.2. Competencia matemática e competencia en ciencias e tecnoloxía.....	9
2.3. Competencia dixital.....	10
2.4. Competencia social e cidadá.....	10
2.5. Competencia en conciencia e expresións culturais.....	10
2.6. Competencia para aprender a aprender.....	10
2.7. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	10
3. Obxectivos.....	11
3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	11
3.2. Obxectivos do bacharelato.....	12
4. Materias.....	14
4.1. Matemáticas. Primeiro de ESO.....	14
4.2. Matemáticas. Segundo de ESO.....	27
4.3. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. Terceiro de ESO.....	40
4.4. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. Cuarto de ESO.....	54
4.5. Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. Cuarto de ESO.....	65
4.6. Matemáticas I. Primeiro de bacharelato.....	75
4.7. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais. Primeiro de bacharelato.....	90
4.8. Matemáticas II. Segundo de bacharelato.....	102
4.9. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais. Segundo de bacharelato.....	113
4.10. Métodos Estatísticos e Numéricos. Segundo de bacharelato.....	123
5. Metodoloxía e materiais curriculares.....	126
5.1 Orientacións metodolóxicas.....	126
5.2 Materiais e recursos didácticos.....	127
5.3. Outro material.....	128
6. Avaliación.....	129

6.1. Aspectos a avaliar.....	129
6.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	129
6.3. Etapas.....	130
6.4. Criterios de avaliación.....	131
6.5. Criterios de cualificación.....	132
7. Plan de traballo para alumnos con materias pendentes de cursos anteriores.....	133
7.1. Actividades de avaliación.....	133
7.2. Contidos mínimos.....	133
7.3. Criterios de avaliación.....	134
7.4. Criterios de cualificación.....	134
8. Medidas de atención a diversidade.....	135
9. Tratamento dos temas transversais.....	136
9.1. Constancia de información ao alumnado.....	136
9.2. Programación da educación en valores.....	136
9.3. Accións de contribución ao proxecto lector.....	136
9.4. Accións de contribución ao plan TIC.....	136
9.5. Accións de contribución ao proxecto lingüístico.....	137
10. Actividades complementarias e extraescolares.....	138
11. Plan de adaptación ao contexto da COVID-19.....	139
11.1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	139
11.2. Medidas de reforzo e recuperación.....	139
11.3. Medidas a adoptar en función da situación sanitaria.....	140
12. Procedementos para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	142
13. Mecanismos de revisión, avaliación e mellora da programación.....	143

# 1. Introducción e contextualización

Esta programación recolle as principais accións a realizar para o alumnado dos catro cursos da ESO e dos dous de Bacharelato do IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela, correspondente o Departamento de Matemáticas, integrado polos seguintes profesores no curso 2021-22:

- Cendal Dominguez, Susana. Profesora de Ensino Secundario. Destino definitivo
- Eiras Lamas, María Jesús. Destino provisional (permuta).
- Pallares Valdés, María Teresa. Profesora de Ensino Secundario. Destino definitivo.
- Rodríguez Méndez, María Socorro. Profesora de Ensino Secundario. Destino provisional.
- Raña Míguez, Paula. Profesora de Ensino Secundario. Destino provisional.
- Sáez Abuín, Luis Mateo. Profesor de Ensino Secundario. Destino definitivo.
- Villar Nieto, María. Profesora de Ensino Secundario. Destino definitivo.

O xefe do departamento neste curso académico será a profesor Luis Mateo Sáez Abuín

## 1.1. Introducción

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar,

interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

## **1.2 Contextualización**

---

O IES Arcebispo Xelmírez II é un centro que está situado na zona norte de Santiago, en Salgueiriños. A súa principal zona e influencia son os barrios de Vite e Vista Alegre, e outros, como Meixonfrío, As Cancelas ou Fontiñas, que comparte con outros centros, así como a zona rural do norte de Santiago, estendéndose no caso do bacharelato ata concellos limítrofes que non contan con centros que oferten esta etapa. Na parte urbana desta zona existen moitas vivendas de promoción pública, e en xeral a extracción social das familias é media-baixa.

A construción deste centro, no ano 1984, respondeu á cobertura das necesidades da zona norte da cidade, a raíz do traslado do antigo Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez, situado no actual complexo administrativo de San Caetano, e que se desdoubrou no instituto Arcebispo Xelmírez I, situado na zona sur da cidade, e o noso centro.

Atópase situado na rúa dos Irmandiños, que transcorre paralela á avenida do Cruceiro da Coruña no seu derradeiro tramo, ao lado da praza de España, moi preto da sede da Xunta de Galicia en San Caetano e fronte ao barrio de Guadalupe e o parque Pablo Iglesias.

Temos, pois, un centro situado na zona periférica da cidade, cunha media de idade da poboación elevada e poucas alternativas para a xente nova.

O centro recibe alumnado dos seguintes centros de educación primaria: CEIP de Vite, CEIP de Prácticas López Ferreiro, CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e CEIP Arquitecto Casas Novoa (A Sionlla, Santiago) e dos seguintes centros de educación secundaria: IES de Oroso (Oroso), CPI de Viaño Pequeno (Trazo) e CPI de Bembibre (Val do Dubra).

### **Alumnado matriculado e distribución curso 2021-22**

O número de alumnos matriculados este curso ascende a 542, 341 na ESO e 235 en Bacharelato.

En primeiro da ESO haberá seis grupos en matemáticas, en segundo cinco grupos, en terceiro tres grupos de académicas, en cuarto tres grupos de matemáticas académicas e un de matemáticas aplicadas. En bacharelato haberá catro grupos en primeiro, dous de ciencias e dous de ciencias sociais e en segundo catro, dous de ciencias e dous de ciencias sociais.

Neste curso académico seguirá funcionando o STEMbach en primeiro e segundo de bacharelato. O departamento de Matemáticas participa, dous profesores do mesmo impartirán docencia, contando coa colaboración de outros membros do departamento.

A seguinte táboa reflicte a evolución da matrícula nos últimos anos:

	<b>2020-21</b>	<b>2019-20</b>	<b>2018-19</b>	<b>2017-18</b>	<b>2016-17</b>	<b>2015-16</b>	<b>2014-15</b>
<b>ESO</b>	310	307	264	235	220	225	186
<b>BAC</b>	232	194	147	164	170	160	152
<b>Total</b>	542	501	411	399	390	385	338



## **2. Contribución das matemáticas ao logro das competencias clave**

As matemáticas non son só un fin en si mesmo, senón un medio para que o alumnado logre a consecución de competencias ligadas á comunicación lingüística, ao tratamento da información, ao coñecemento e interacción co mundo físico, ao ámbito social, cidadán, cultural e artístico e á autonomía necesaria para actuar con criterio propio e tomar iniciativas, responsablemente, nos diversos aspectos que afecten a súa vida, incluído o campo da aprendizaxe.

Capacitar o alumnado para que se desenvolva de forma autónoma nun mundo caracterizado polos avances científico-técnicos, require que adquiran as bases do pensamento científico necesarias para poder interpretar o mundo dos obxectos e dos fenómenos cos que convivimos. Esa interpretación precisa da axuda do coñecemento matemático tanto na linguaxe e conceptos que utiliza como nas formas de argumentación e razoamento empregadas para a resolución dos problemas, facendo útiles e prácticos os coñecementos adquiridos.

Dado que as matemáticas ó longo da ESO figuran como materia obrigatoria nos catro cursos, e como optativa en 1º e 2º de Bacharelato, con elas pretendemos que o alumnado desenvolva as seguintes competencias clave:

### **2.1. Competencia en comunicación lingüística**

Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

### **2.2. Competencia matemática e competencia en ciencias e tecnoloxía**

Adquirir habilidades para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica, o que conduce a identificar a validez dos razoamentos e a valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.

- Resolución de problemas. Empregue as diferentes linguaxes matemáticas (numérica, estadística, alxébrica,...) na medida que lle sexa útil para describir e representar as cuestións formuladas e as súas solucións.
- Pensamento lóxico. Utilice as formas do pensamento lóxico para formular e comprobar conxeturas, realizar deducións e relacionar diversas informacións relativas á vida cotiá e tamén á resolución de problemas.
- Adestramento mental. Consiga un adestramento mental que lle permita comprender ideas e expresalas rigorosamente, así como adquirir unha maior claridade e precisión na linguaxe.
- Ciencia integradora. Valore as matemáticas coma unha ciencia integradora non só científica e tecnoloxicamente senón tamén nos aspectos sociais, estéticos, laborais, etc.
- Coñecementos prácticos. Adquiera coñecementos prácticos de matemáticas para un desenrolo normal da súa vida, e tamén dun instrumento de estudio de outras materias.

- Capacidade e a habilidade para interactuar co mundo físico. Habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que exige a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

### **2.3. Competencia dixital**

---

Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.

### **2.4. Competencia social e cidadá**

---

Capacidade para comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

### **2.5. Competencia en conciencia e expresións culturais**

---

Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

### **2.6. Competencia para aprender a aprender**

---

Capacidade de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

### **2.7. Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

---

Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

### 3. Obxectivos

#### 3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación

física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- l.** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m.** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n.** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. Obxectivos do bacharelato**

---

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a.** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b.** Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c.** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d.** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e.** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f.** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g.** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h.** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i.** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j.** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k.** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l.** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m.** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n.** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o.** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. Materias

### 4.1. Matemáticas. Primeiro de ESO

#### Temporalización dos estándares de aprendizaxe reflectidos nos indicadores de logro por Bloques:

1ª Avaliación: Bloque1 – Bloque 2 – Números e Álgebra (57 sesións)

2ª Avaliación: Bloque1 – Bloque 2: Números e Álgebra (15 sesións) – Bloque 3 : Xeometría (40 sesións)

3ª Avaliación: Bloque1 – Bloque 3: Xeometría (15 sesións) – Bloque 4: Funcións (20 sesións) – Bloque 5: Estatística (10 sesións)

Os estándares do Bloque 1 serán desenvolto ao longo de todo o curso.

#### Mínimos por estándares para superar a materia:

1. En vías de adquisición. 2. Adquirido. 3. Avanzado. 4. Excelente

Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
<b>Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>

Matemáticas. 1º de ESO						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	

Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>



Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>Recollida ordenada e organización de datos.</li> <li>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico,</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	

Matemáticas. 1º de ESO						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• alxébrico ou estatístico.</li> <li>• Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>• Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>• Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	•	• CMCCT	•
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</li> </ul>	•	• CMCCT	•
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</li> </ul>	•	• CMCCT	•
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</li> <li>• Recollida ordenada e organización de datos.</li> <li>• Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>• Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>• Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>• Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>• Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</li> </ul>	•	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CCL</li> </ul>	•
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</li> </ul>	•	• CCL	•
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</li> </ul>	•	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> </ul>	•
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>	•	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>	•
<b>Bloque 2. Números e álgebra</b>						

**Matemáticas. 1º de ESO**

<b>Objetivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Mínimos para superar a materia</b>	<b>Competencias clave</b>	<b>Nº de sesións</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.</li> <li>▪ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.</li> <li>▪ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.</li> <li>▪ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</li> <li>▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.</li> <li>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 5</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>

**Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato**

<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Mínimos para superar a materia</b>	<b>Competencias clave</b>	<b>Nº de sesións</b>
	interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.	▪			
			▪ MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	▪ 2	▪ CMCCT	▪ 2
			▪ MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	▪ 2	▪ CMCCT ▪ CSC	▪ 2

## 4.10. Métodos Estadísticos e Numéricos. Segundo de bacharelato

### Temporalización dos estándares de aprendizaxe reflectidos nos indicadores de logro por bloques.

1ª Avaliación: Repaso Estatística Descritiva (4 sesións) – Bloque 3: Probabilidade condicionada (12 sesións) – Bloque 1: Mostraxe (4 sesións)

2ª Avaliación: Bloque1: Mostraxe (12 sesións) – Bloque 2: Estatística inferencial (8 sesións)

3ª Avaliación: Bloque 2: Estatística inferencial (4 sesións) – Bloque 5: Programación lineal (5 sesións) – Bloque 4: Series temporais (3 sesións) – Bloque 6: Métodos numéricos (4 sesións)

### Mínimos por estándares para superar a materia:

1.- En vías de adquisición. 2.- Adquirido. 3.- Avanzado. 4.- Excelente

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
<b>Bloque 1. Mostraxe</b>						
h i l m	B1.1. Fundamentos probabilísticos. Distribucións de probabilidade.	B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.	MENB1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal, e manexa con soltura as correspondentes táboas para asignarles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente.	3	CMCCT	10
i l	B1.2. Poboación e mostra. B1.3. Mostraxe: tipos. B1.4. Parámetros poboacionais e estatísticos dunha mostra. B1.5. Distribucións dunha mostra.	B1.2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.	MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.	1 2	CMCCT CSIEE CMCCT	1 3
a b c d e f g h i l m n ñ o	B1.6. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuados, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando	MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes.	1	CCL CMCCT CD CSC CCEC	2

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
▪ p		posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estadísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.				
<b>Bloque 2. Estadística inferencial</b>						
▪ i ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estimación puntual e por intervalos.</li> <li>▪ B2.2. Decisións estatísticas. Hipóteses estatísticas. Contraste de hipóteses. Cálculo das rexións de aceptación e rexeitamento, e formulación da regra de decisión.</li> <li>▪ B2.3. Erros de tipo I e II. Nivel de significación. Potencia dun contraste. Relacións entre <math>\sigma</math>, <math>\mu</math> e o tamaño da mostra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes.</li> </ul>	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	8
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	4
<b>Bloque 3. Probabilidade condicionada</b>						
▪ i ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</li> <li>▪ B3.2. Regra do produto. Regra das probabilidades totais. Regra de Bayes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.</li> </ul>	3	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	10
▪ i ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. Cadeas absorbentes.</li> <li>▪ B3.4. Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	2
<b>Bloque 4. Series temporais</b>						
▪ i ▪ l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Series de tempo: compoñentes.</li> <li>▪ B4.2. Curva de tendencia. Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados.</li> <li>▪ B4.3. Índice estacional. Índices cíclicos. Variación irregular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	3

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos para superar a materia	Competencias clave	Nº de sesións
			calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.			
<b>Bloque 5. Programación lineal</b>						
i l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Desigualdades. Inecuacións lineais. Problema estándar de programación lineal. Función obxectivo. Solución factible.</li> <li>▪ B5.2. Problema dual.</li> <li>▪ B5.3. Formulación e resolución de problemas de programación lineal con dúas variables por métodos gráficos e interpretación das solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado.</li> </ul>	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	5
<b>Bloque 6. Métodos numéricos</b>						
i l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo.</li> <li>▪ B6.2. Converxencia.</li> <li>▪ B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita.</li> <li>▪ B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais.</li> <li>▪ B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.</li> <li>▪ MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.</li> </ul>	1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	2
				1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	1/2
i l	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Interpolación polinómica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación.</li> <li>▪ MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.</li> </ul>	2	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	1
				1	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	1/2

## 5. Metodoloxía e materiais curriculares

### 5.1 Orientacións metodolóxicas

---

A metodoloxía a empregar será activa, procurando que o alumnado participe todo o posible na clase e intentando que as matemáticas capten ó máximo o seu interese.

As liñas metodolóxicas xerais deberán:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela
- Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## 5.2 Materiais e recursos didácticos

### Libros de texto

Curso	Materia	Libro	Idioma
1º ESO	Matemáticas	Matemáticas 1º ESO. Serie Resuelve. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-1441-8	cast.
2º ESO	Matemáticas	Matemáticas 2º ESO. Serie Resuelve. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-2894-1	cast.
3º ESO	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	Matemáticas 3º ESO. Enseñanzas académicas. Serie Resuelve. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-1285-8	cast.
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	Matemáticas 3º ESO. Enseñanzas aplicadas. Serie Soluciona. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-1278-0	cast.
4º ESO	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	Matemáticas 4º ESO. Enseñanzas académicas. Serie Resuelve. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-4040-0	cast.
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	Matemáticas 4º ESO. Enseñanzas aplicadas. Serie Soluciona. Proyecto Saber Hacer Editorial Santillana. ISBN: 978-84-680-4006-6	cast.
1º Bach	Matemáticas I	Matemáticas I. 1 Bachillerato. Savia Editorial SM. ISBN: 978-84-675-7656-6	cast.
	Matemáticas aplicadas ás CCSS I	Matemáticas aplicadas a las ciencias sociales I. 1 Bachillerato. Savia Editorial SM. ISBN: 978-84-675-7657-3	cast.
2º Bach	Matemáticas II	Matemáticas II. 2 Bachillerato. Savia Editorial SM. ISBN: 978-84-675-8713-5	cast
	Matemáticas aplicadas ás CCSS II	Matemáticas aplicadas a las ciencias sociales II. 2 Bachillerato. Savia Editorial SM. ISBN: 978-84-675-8714-2	cast.

### 5.3. Outro material

---

- Fotocopias de actividades, exercicios e problemas elaboradas polo profesor ou polo departamento.
- Libros divulgativos de Matemáticas.
- Publicacións Matemáticas.
- Exemplificacións curriculares para a aula.
- Recortes de xornais ou revistas.
- Facturas de distintos tipos (telefonía, electricidade, auga,...)
- Material de debuxo.
- Teodolitos e cintas métricas.
- Barallas de cartas, dominós.
- Figuras e corpos xeométricos.
- Tangrans, puzzles (particularmente os de igualdades notables).
- Pelotas, material plástico para o cálculo de volumes.
- Polígonos encaixables para a construción de poliedros.
- Material de probabilidade: dados, fichas, .....



## 6. Avaliación

### 6.1. Aspectos a avaliar

A avaliación é un elemento fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe porque a través dela poden coñecerse:

- O nivel de progreso do alumno, con relación aos obxectivos propostos.
- A adecuación do proceso de ensinanza-aprendizaxe así como a dos materiais empregados.
- A necesidade de modificación do deseño curricular cando se comprobe que a súa efectividade non é a desexada.
- A avaliación non debe cingirse unicamente á comprobación do grao de adquisición dos conceptos por parte do alumnado, tamén se avaliará a través da recollida de información diaria e continua sobre o traballo, a motivación e o esforzo persoal do alumno.

### 6.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.

O proceso de avaliación deberá garantir un nivel axeitado de adquisición de técnicas e de formación básica de contidos mínimos e ademais permitirá avaliar o rendemento e os distintos niveis de traballo dos estudantes.

Considerarase como contido mínimo o coñecemento básico de cada bloque, fundamentalmente no que se refire ás cuestións prácticas.

Procedementos	Instrumentos
Probas específicas	<ul style="list-style-type: none"><li>– Probas escritas</li></ul> <p>Serán probas con actividades similares ás propostas ao longo do desenvolvemento das unidades e acordes cos estándares de aprendizaxe avaliáveis. Primaranse os procesos fronte aos resultados, valorando os razoamentos expresados. Servirán para ver o grao de consecución dos obxectivos programados. Estas probas constarán de conceptos teóricos, cuestións, exercicios e problemas. Valoraranse sobre 10 puntos.</p>

Procedementos	Instrumentos
<p>Análise e valoración de tarefas (cualificacións)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li data-bbox="371 226 1441 824">– Caderno de clase do/a alumno/a  Aínda que no caderno aparecen conceptos e procedementos, non é o único que se valora ao corrixilo. Valoraranse tamén as actitudes manifestadas ao realizar o traballo. Sobre todo o alumnado de primeiro e segundo de ESO, necesita pautas moi concretas para crear hábitos de traballo diario, orde, limpeza, constancia e interese, e necesita comprender que o caderno é o instrumento básico da súa actividade, porque nel queda reflectido todo o traballo que se vai realizando. Por todo isto, a esixencia en canto á elaboración do caderno será elevada nos dous primeiros cursos de ESO, diminuíndo en terceiro e cuarto, por considerar que neses momentos é un obxectivo acadado case na súa totalidade. Informarase aos alumnos dos aspectos axeitados e daqueles que deben mellorar. En bacharelato non se valorará o caderno.</li> <li data-bbox="371 853 1441 1160">– Traballos persoais ou grupais  Avaliarase a realización das actividades propostas, (rapidez no cálculo, razoamento mediante a explicación oral do proceso seguido e a organización do traballo), poderase utilizar tamén este instrumento para corrixir actividades feitas na casa co obxecto de comprobar que o alumno comprende ben o exercicio e que non se limita a memorizalo.</li> <li data-bbox="371 1189 1441 1323">– Achegas individuais  Participación en debates e intervencións durante a clase, ben contestando a preguntas ou expresando as súas opinións.</li> </ul>
<p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li data-bbox="371 1379 1441 1686">– Diario de clase do/a profesor/a  Rexistro no que o profesor recollerá información de como o alumno traballa e progresa en grupo, e da súa actitude fronte a materia (participación, motivación, interese polas actividades que se realizan, cooperación cos outros compañeiros, respecto cara as ideas dos demais...), e do traballo desenvolvido na casa (realización ou non das tarefas encomendadas para a casa).</li> </ul>

### 6.3. Etapas

O proceso de avaliación ten varias etapas ben diferenciadas nos seus obxectivos que irán indicando a adecuación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como o progreso experimentado polo alumno en cada momento. Estas etapas son a avaliación inicial, avaliación continua e avaliación final.

## **Avaliación inicial**

Os primeiros 15 ou 20 días do curso adicaranse, na súa maioría, a analizar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas polo alumnado no curso anterior.

Por medio da avaliación inicial poderase facer unha primeira valoración do nivel do alumno. Detectaranse dificultades de aprendizaxe, de adaptación social así como ao alumnado con altas capacidades.

A avaliación inicial consistirá en:

- Análise da información da etapa/curso anterior: a principio de curso analizaranse os informes individuais do curso/etapa anterior.
- Lista de observación: permítenos obter información sobre a interacción do alumnado, facer un seguimento do seu traballo, axúdanos a obter datos acerca de cal é a disposición, actitude.. coa que o alumno afronta as súas aprendizaxes.
- Proba específica: ofrece información sobre o que o alumno sabe facer coas aprendizaxes xa traballadas, como se organiza sen axuda... As preguntas desta proba estarán baseadas nos contidos mínimos do curso/etapa anterior.

Como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptaranse as medidas pertinentes de reforzo e recuperación para aqueles alumnos que o precisen.

## **Avaliación continua**

O carácter continuo da avaliación e a utilización de técnicas, procedementos e instrumentos diversos para levala a cabo permiten a constatación dos progresos realizados por cada alumno,

En cada avaliación, o alumno debe dominar o traballado nas anteriores porque, a maior parte das veces, o progreso nun aspecto determinado depende do dominio que se teña do anterior.

## **Avaliación final**

Teranse en conta as cualificacións das tres avaliacións. Preténdese que ao finalizar cada curso o alumno estea capacitado para incorporarse ao curso seguinte con garantías dun progreso adecuado. Ao finalizar a ESO ou o bacharelato, o alumno deberá ser capaz de manexarse con autonomía e de afrontar a etapa seguinte con garantía.

## **6.4. Criterios de avaliación**

---

Especificados anteriormente para cada unha das materias.

## 6.5. Criterios de cualificación

---

- Cualificarase ao alumnado tendo en conta as tarefas realizadas e os criterios de avaliación desenvolto por cursos en función dos seguintes apartados:

	<b>ESO</b>	<b>Bacharelato</b>
Actividades do alumnado na clase e traballos feitos en grupo ou individualmente	20%	10%
Probas escritas	80%	90%

Para a avaliación das actividades do alumnado na clase e traballos feitos en grupo ou individualmente repartirase na mesma proporción entre: o caderno de clase do/a alumno/a, os traballos persoais ou grupais e as achegas individuais, tendo en conta as anotacións do diario de clase do/a profesor/a.

En bacharelato, a ausencia razoada dun apartado implica un peso do outro do 100%

- O alumnado que desenvolva as capacidades implícitas nos obxectivos xerais dun curso será avaliado positivamente.
- O alumnado que non acada as capacidades implícitas nos obxectivos xerais, verase afectado polos criterios de promoción recollidos no Proxecto Curricular do Centro e pola lexislación vixente.
- O alumnado dun curso que acada os obxectivos xerais e os mínimos esixibles para una avaliación positiva promociona ao seguinte curso, e o alumnado de 2º de Bacharelato que supera a materia finaliza os estudos de Matemáticas.

### **Mínimos esixibles para unha avaliación positiva**

O alumnado deberá superar o 50% dos estándares de aprendizaxe desenvolto nos indicadores de logro correspondentes aos contidos reflectidos na táboa de cada curso.

### **Procedementos correctores**

Cando o/a profesor/a encontre copiando, a un alumno/a de Bacharelato, na realización dunha proba empregando medios tecnolóxicos ou de calquera outro tipo, cualificará con 0 esa proba, supoñendo unha falta grave.

## 7. Plan de traballo para alumnos con materias pendentes de cursos anteriores.

Como os contidos da materia son progresivos e en cada bloque se amplían os contidos do curso anterior, no desenvolvemento das clases estase preparando aos alumnos que teñen esta materia pendente para a súa recuperación.

Ao alumnado que non adquiriu as aprendizaxe imprescindibles no curso anterior e promocionou, faráselle un seguimento a través do profesorado que lle imparte clase neste curso coordinado polo xefe de departamento.

### 7.1. Actividades de avaliación

Para levar a cabo a recuperación da materia pendente, teranse en conta as seguintes actividades:

- 1. O traballo do alumno/a no curso en que está matriculado actualmente**
- 2. Realización de traballos e exercicios.** O departamento entregará ao alumnado dous bloques de actividades que deberá entregar antes de cada proba parcial.
- 3. Realización de probas.** Cada materia divídese en dúas partes. Da 1ª parte farase unha proba no mes de xaneiro e da 2ª parte no mes de abril. De ser necesaria, os alumnos de 2º de bacharelato con pendentes de 1º realizarán unha recuperación final o mes de abril e, os alumnos de ESO no mes de maio.

Ningún profesor do departamento dispón de horas específicas para atender a estes alumnos, polo que calquera consulta sobre a materia pendente poderase facer durante a clase ou nos recreos que se establezan.

### 7.2. Contidos mínimos

Curso	Materia	1ª Parte	2ª Parte
1.º ESO	Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"><li>– Números naturais</li><li>– Divisibilidade</li><li>– Números enteiros</li><li>– Fraccións</li><li>– Números decimais</li><li>– Proporcionalidade numérica.</li><li>– Porcentaxes</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Álgebra</li><li>– Rectas e ángulos</li><li>– Polígonos. Triángulos</li><li>– Cuadriláteros e circunferencia</li><li>– Perímetros e áreas</li><li>– Funcións e gráficas</li></ul>
2.º ESO	Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"><li>– Números enteiros</li><li>– Fraccións</li><li>– Potencias e raíces cadradas</li><li>– Números decimais</li><li>– Estatística e probabilidade</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Expresións alxébricas</li><li>– Ecuacións de primeiro e segundo grao</li><li>– Sistemas de ecuacións</li><li>– Proporcionalidade numérica</li><li>– Proporcionalidade xeométrica</li><li>– Figuras planas</li></ul>

Curso	Materia	1ª Parte	2ª Parte
3.º ESO	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Números racionais</li> <li>– Potencias e raíces cadradas</li> <li>– Progresións</li> <li>– Proporcionalidade numérica</li> <li>– Polinomios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Ecuacións de primeiro e segundo grao</li> <li>– Sistemas de ecuacións</li> <li>– Lugares xeométricos. Áreas e perímetros</li> <li>– Movementsos e semellanzas</li> <li>– Corpos xeométricos</li> <li>– Funcións</li> <li>– Funcións lineares e cuadráticas</li> </ul>
1.º BAC	Matemáticas I	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Logaritmos</li> <li>– Álgebra</li> <li>– Trigonometría</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Números complexos</li> <li>– Vectores</li> <li>– Xeometría analítica</li> <li>– Funcións límites e continuidade</li> </ul>
	Matemáticas Aplicadas as CCSS	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Números reais</li> <li>– Matemática financeira</li> <li>– Expresións alxébricas</li> <li>– Ecuacións e sistemas</li> <li>– Inecuacións e sistemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Funcións</li> <li>– Límites e continuidade</li> <li>– Derivadas</li> <li>– Funcións elementais</li> </ul>

### 7.3. Criterios de avaliación

---

Os criterios de avaliación son os mesmos que os dos grupos ordinarios.

### 7.4. Criterios de cualificación

---

Para avaliar a materia pendente, teranse en conta as seguintes actividades:

1. Cualificación do traballo na aula e dos traballos entregados. Valoración: 20%.
2. Cualificacións dos dous exames parciais e do final, se procede. Valoración: 80%.

## **8. Medidas de atención a diversidade.**

Seguiranse as recollidas no Proxecto Curricular do Centro.

En xeral, adoptaranse medidas como:

- Reforzo educativo.
- Agrupamentos específicos.
- Adecuación da metodoloxía.
- Selección de diferentes materiais e recursos.
- Adaptacións curriculares.
- Participación no STEMBach
- Insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Aproveitar as actividades fora da aula para lograr unha boa cohesión e integración do grupo.

## **9. Tratamento dos temas transversais**

---

### **9.1. Constancia de información ao alumnado**

---

A información faise directamente a través da páxina web, da aula virtual, do espazo abalar, do propio profesor de Matemáticas, do Titor, e se se considera necesario, comunicación telefónica ou por escrito cos/as pais/nais.

### **9.2. Programación da educación en valores**

---

Intentarase traballar desde o eido matemático os seguintes temas:

#### **1. Educación en valores:**

- a. Aprender a ser
- b. Aprender a facer
- c. Aprender a coñecer
- d. Aprender a vivir xuntos

#### **2. Educación para a Paz**

Divulgar os valores cívicos e democráticos dunha cultura da Paz

### **9.3. Accións de contribución ao proxecto lector**

---

A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas, polo que se trata de insistir na lectura comprensiva para poder entender os enunciados matemáticos e mellorar a competencia lingüística, seguindo as pautas recollidas no plan lector do centro.

### **9.4. Accións de contribución ao plan TIC**

---

As tecnoloxías da Información e da comunicación – TICs – poden ser unhas ferramentas, medios e recursos que actúen como motivadores do interese do alumnado e servir como catalizador para captar a atención cara á mellora dos procesos educativos. É importante que o profesorado considere, analice e valore as implicacións e as posibles bondades destes recursos didácticos nos diferentes aspectos do seu traballo docente, posibilitando a posta en práctica de novas estratexias e metodoloxías de aula.

Os beneficios do uso das TIC na educación matemática son claros:

- Permitir unha participación máis activa do alumno na construción da súa propia aprendizaxe.
- Interacción entre o alumno e a máquina: explorar, conxectar e que o alumno poida aprender dos seus erros dun xeito inmediato.
- Abrir espazos nos que o estudante poida vivir experiencias matemáticas difíciles de reproducir cos medios tradicionais como o lapis e o papel.



- Realizar actividades nas que é posible manipular directamente os obxectos matemáticos e as súas relacións e nas que se pode construír unha visión máis ampla e máis potente do contido matemático.
- Desenvolver as habilidades para obter, procesar e comunicar información e poder así transformala en coñecemento.

### **Obxectivos**

- Motivar aos alumnos respecto do mundo das matemáticas co uso das novas tecnoloxías.
- Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación ao proceso de ensino-aprendizaxe das Matemáticas.
- Coñecer e utilizar o software dispoñible que serve como apoio á aprendizaxe das competencias matemáticas.
- Proporcionar aos alumnos recursos para a obtención de información na rede desenvolvendo ao mesmo tempo un uso crítico de ditos medios.
- Utilizar a aula virtual do instituto como medio para proporcionar aos alumnos recursos de apoio á preparación da materia.
- Realizar actividades que promovan a participación activa dos estudantes en “facer matemáticas” en situacións reais.
- Usar a calculadora coma un contido ademais de coma instrumento para tratar outros contidos.

### **Metodoloxía**

- Utilización da calculadora en clase coa finalidade de aproveitar as súas posibilidades adecuándose aos coñecementos matemáticos de cada nivel.
- Subir material complementario de traballo e de apoio na aula virtual do centro.
- Uso do encerado dixital coma complemento das explicacións do profesor e da corrección de exercicios na aula.
- Uso da aula de informática para que os alumnos utilicen individualmente ou en grupo recursos interactivos relacionados coas distintas partes da materia (enlaces, programas).

### **Aplicacións informáticas**

- Excel
- Geogebra
- Máxima

## **9.5. Accións de contribución ao proxecto lingüístico**

---

De acordo coa lexislación vixente as Matemáticas impartiranse en lingua castelá na ESO. No Bacharelato, co fin de manter una oferta equilibrada no Centro, segundo acordo da Comisión de Coordinación Pedagóxica, impartirase tamén en lingua castelá.

## **10. Actividades complementarias e extraescolares.**

Dependendo das posibilidades que aparezan no presente curso, ofertaríaselle ao alumnado a posibilidade de participación en:

- Concursos: Olimpíada de matemáticas ou o Rallie matemático.
- Programa ESTALMAT (estimulación do talento matemático) organizado pola Facultade de Matemáticas.
- Visita a exposicións relacionadas co mundo matemático e científico.
- Charlas ofertadas pola USC dentro do programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”.

Estas actividades realizaríanse tendo en conta o Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid- 19.

## 11. Plan de adaptación ao contexto da COVID-19

Este plan ten por obxecto determinar:

- As aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.
- As medidas de reforzo e recuperación.
- As medidas a adoptar en función da situación sanitaria.

### 11.1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Materia	Bloques de contidos non impartidos
Matemáticas 1.º ESO	– Estatística e probabilidade
Matemáticas 2.º ESO	– Funcións
Matemáticas 3.º ESO	– Estatística e probabilidade
Matemáticas I. 1.º BAC	– Estatística e probabilidade
Matemáticas Aplicadas as CCSS. 1.º BAC	– Estatística e probabilidade

### 11.2. Medidas de reforzo e recuperación

Os contidos das materias do departamento son progresivos, entón, para reforzar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020-21, estes contidos traballaranse partindo dos da materia do curso anterior. Se algún contido non ten continuidade, impartirase independentemente cando sexa necesario.

Unha vez realizada a avaliación inicial, en función dos resultados desta, adoptaranse medidas de reforzo, recuperación e/ou adaptación curricular para o alumnado que o necesite, coa finalidade de que recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior.

O alumnado que promocionou sen superar a materia de matemáticas do curso anterior recuperará as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas da materia segundo o establecido no plan de traballo para alumnos con materias pendentes de cursos anteriores.

As actividades de reforzo e ampliación permitirannos dar unha atención individualizada ao alumnado, segundo as súas necesidades educativas e seu ritmo de traballo.

### 11.3. Medidas a adoptar en función da situación sanitaria

---

Nas seguintes situacións extraordinarias, a COVID – 19 obrigaranos a tomar as seguintes medidas de educación a distancia:

Situación	Medidas
Parte do alumnado dun grupo en corentena	Actividade lectiva non presencial de parte dun grupo
Corentena dun grupo	Actividade lectiva non presencial do alumnado dun grupo
Corentena do centro	

No noso centro non se contempla a semipresencialidade programada posto que puideron situarse todos os grupos en aulas con suficiente capacidade. So se contemplaría no caso de que houbo un aumento significativo na distancia de seguridade interpersonal indicada no protocolo publicado pola consellería, nese caso, habería que realizar unha reestruturación da organización do centro e polo tanto das programacións.

No caso de que se decreta un confinamento da poboación estarase ao que dispoña a consellería.

#### **Metodoloxía**

En todas as situacións extraordinarias que se produzan, o seguimento do alumnado levarase a través das aulas virtuais do centro.

Deste xeito, procurarase empregar unha metodoloxía activa, posibilitando a través da aula virtual, tanto o uso de recursos teóricos (textos, presentacións, gráficos...) coma de actividades (tarefas, foros, cuestionarios, ...) nas que o alumnado poida participar tanto individual coma colectivamente, así como o uso da mensaxería interna para a comunicación individual.

Se está parte do alumnado dun grupo en corentena, e sempre que non se prolongue en exceso no tempo, procurarase reforzar os contidos impartidos con anterioridade e/ou resolver actividades e dúbidas, sempre que sexa posible. No caso de corentena dun grupo poderanse impartir tamén novos conceptos .

Se se estima oportuno, para manter videoconferencias utilizarase a plataforma CISCO-WEBEX, a actividade BigBlueButton da aula virtual do centro ou a plataforma Falemos edu da consellería, sempre que sexa posible cos medios dos que se dispoña na aula e nas casas do alumnado en corentena. En último caso, poderanse gravar parte das clases e subilas á aula virtual, sempre a criterio do profesorado.

#### **Avaliación**

Partindo da complexidade de adaptar un proceso de ensinanza-aprendizaxe basicamente presencial a un non presencial, a finalidade desta adecuación é asegurarnos que todo o traballo que realice o alumnado durante o período de suspensión das clases presenciais a causa da COVID-19 poda ser avaliado e, polo tanto, susceptible de sumarse ao xa avaliado

con anterioridade ou posterioridade a este período extraordinario, permitindo unha avaliación continua.

Nesta situación, polas características peculiares que presenta, debemos utilizar algúns instrumentos de avaliación diferentes.

Os principais instrumentos de avaliación do alumnado en corentena serán:

- Actividades do alumnado na aula virtual:
  - Rexistro da súa participación a través dos medios telemáticos (foros, servizo de mensaxería, ...) como instrumento de comunicación e evidencia do seu interese.
  - Rexistro da regularidade da constancia no traballo nas videoconferencias.
- Probas realizadas polo alumnado na aula virtual, só no caso de non poder realizar probas escritas presenciais:
  - Probas obxectivas (orais ou escritas): cuestionarios, resolución de problemas, probas, traballos, tarefas finais de carácter global...entre outras.
  - Valorarase a corrección nas respostas e a presentación, a regularidade na entrega e respecto ao prazo fixado, intento de resolver todos os exercicios, reflectindo un razoamento detallado e ordenado, non só o resultado final, e con certas garantías de que foron feitas polo alumno que se vai avaliar e enviadas segundo o procedemento correcto e acordado (.pdf)

Os criterios de cualificación serán os descritos no apartado de 6. *Avaliación*, tendo en conta o disposto nos parágrafos anteriores.

### **Medidas de atención a diversidade**

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo terá o seu propio espazo na aula virtual. En coordinación co Departamento de Orientación, será atendido pola PT e o/a profesor/a da materia do grupo de referencia.

## 12. Procedementos para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Debemos enfocar a avaliación da práctica docente tendo en conta tres aspectos: programación, desenvolvemento e avaliación, cos seguintes indicadores de logro para cada un deles.

Programación	Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe que concretan os criterios de avaliación.
	A selección e a temporalización dos contidos e actividades foi axeitada e axustada.
	Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos polo alumnado e permitiron facer un seguimento do progreso dos mesmos.
Desenvolvemento	Antes do inicio dun tema fíxose una introdución, plan de traballo e o alumnado foron informados sobre os criterios de avaliación do mesmo.
	As actividades propostas foron de tipoloxía variada e favoreceron a adquisición de competencias.
	Facilitáronse distintas estratexias de aprendizaxe.
	Utilizáronse recursos variados.
	O ambiente na clase foi adecuado e produtivo.
Avaliación	Houbo coordinación con outros profesores do grupo.
	Utilizáronse de forma sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación que permitiron avaliar contidos, procedementos e actitudes.
	Proporcionáronse procedementos e actividades para recuperar a materia de avaliacións suspensas ou con materia pendente de cursos anteriores.
	Os criterios de cualificación foron axustados e rigorosos.
	As familias foron informadas adecuadamente sobre o proceso de avaliación e criterios de cualificación e promoción.

Ademais é interesante e conveniente escoitar a opinión do alumnado sobre algún aspecto fundamental da materia e de que maneira se podería ter en conta e aplicar.

### **13. Mecanismos de revisión, avaliación e mellora da programación**

Esta programación fíxose segundo a lei Orgánica 2/2006 modificada pola lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.

O Real Decreto 1105/2014 que establece o currículo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

O Real Decreto 86/20915 que establece o currículo na Comunidade autónoma de Galicia.

O Real Decreto 562/2017 que regula as condicións para a obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Elaborouse e revisouse por tódolos membros do Departamento de Matemáticas do IES Arcebispo Xelmírez II.

De maneira periódica, dentro das reunións da Departamento, analizarase a Programación en aspectos tales como: avance, adecuación, dificultade na súa aplicación, recollendo as posibles modificacións de cara o próximo curso.

Santiago de Compostela a 15 de Setembro de 2021

Cendal Domínguez, Susana

Eiras Lamas, María Jesús

Pallares Valdés, María Teresa

Raña Míguez, Paula

Rodríguez Méndez, María Socorro

Sáez Abuín, Luis Mateo

Villar Nieto, María